

Para facer constar que a presente  
fotocopia é fiel e exacta reproducción do  
orixinal que se me exhibe o 5 ENE 2016  
Bueu, .....

A SECRETARIA

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE BUEU PARA A EXECUCIÓN E MANTEMENTO DE VARIAS CANALIZACIÓN S DE ENTRONQUE COAS REDES EXISTENTES DE AUGAS FEAIS E PLUVIAIS NO PORTO DE BUEU

Santiago de Compostela, 22 DEC. 2009

### REUNIDOS

Dunha parte, José Manuel Álvarez-Campana Gallo, presidente do ente público Portos de Galicia, con domicilio aos efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, Área Central, Polígono de Fontiñas, Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en nome e representación deste en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 6.3g) da Lei 5/1994 do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia e o artigo 9h) do Decreto 227/1995 polo que se aproba o Regulamento do ente.

Doutra parte, Félix Juncal Novas, Alcalde-Presidente do Concello de Bueu, con domicilio a efectos deste convenio na rúa Eduardo Vicenti, nº 8, Bueu (Pontevedra), facultado para este acto en virtude das competencias que lle recoñece o artigo 21.I.b) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Régime Local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

### EXPOÑEN

O Concello de Bueu (Pontevedra) pretende levar a cabo a execución de varias canalización s de entronque coas redes existentes de augas fecais e pluviais no porto de Bueu, con motivo da construcción





Para facer constar que a presente  
fotocopia é fiel e exacta reproducción do  
orixinal que se me exhibe:  
Bueu, ..... 15 FEB. 2016  
A SECRETARIA

de 203 vivendas na finca Cuarteirón de Massó. Con este propósito, o Concello remitelle unha solicitude de autorización á Zona Sur de Portos de Galicia con data do 22 de setembro de 2009.

A actuación ten como obxecto dar saída as augas sucias xeradas no inmoble, así como evacuar a acumulación de augas pluviais tanto no inmoble coma na nova praza renovada.

A execución de infraestruturas como as que se pretende acometer, que ofrecen un servizo engadido aos usuarios, resulta benéfico para a explotación portuaria das instalacións de Bueu.

En definitiva, as devanditas obras suporán un efecto positivo tanto para o propio porto, coma tamén para o contorno urbano inmediato ao mesmo.

Xa que logo, ambas as dúas administracións acordan regular as súas relacións no que atinxe á execución, conservación, mantemento, limpeza e mellora das citadas obras e formalizan o presente convenio.

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio consiste en regular a colaboración entre o Concello de Bueu e o ente público Portos de Galicia no que atinxe execución de varias canalizacións de entronque coas redes existentes de augas fecais e pluviais no porto de Bueu e á conservación, mantemento e mellora das devanditas obras.

### SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE BUEU

Coa sinatura do presente convenio, o Concello de Bueu obrígase ao seguinte:

1. A licitación, execución e custo das obras definidas na documentación técnica achegada polo Concello xunto coa súa solicitude do 22.09.2009, que queda incorporada ao expediente.



A SECRETARIA

2. Así mesmo:

– A velar para que a reposición dos pavimentos igualen ou superen as actuais prestacións en canto a calidade (pavimento de formigón e rego asfáltico) e dimensionamento (espesores, composición, densidades, etcétera), tendo en conta ademais a sinalización viaria final dos pavimentos que se repoñerán.

– A adoptar as medidas e procedementos construtivos axeitados co fin de garantir en todo momento a normal explotación portuaria, no relativo á incidencia dos traballos no porto, en especial no referente á entrada e saída dos vehículos do tráfico portuario.

– Garantir a reposición dos servizos afectados sen que se interrompa o servizo subministrado.

– Tomar as máximas medidas de seguridade para evitar calquera tipo de polución ou contaminación tanto na zona portuaria coma nas proximidades, quedando expresamente prohibido o vertido de residuos ao mar, debendo cumplir en cada momento coa normativa vixente nestas materias.

Tendo en conta a natureza dos terreos da zona portuaria deberanse establecer os procedementos construtivos axeitados e medidas de seguridade co fin de evitar calquera dano as persoas, edificacións e instalacións existentes.

Calquera modificación das obras solicitadas, así como a execución de obras non contempladas na solicitude do Concello, ou calquera modificación das actuacións durante a explotación das instalacións requirirá a previa autorización de Portos de Galicia.

Antes do comezo das obras deberá ter lugar o seu replanteo, para o que Concello de Bueu citará ao ente público Portos de Galicia para delimitar e definir axeitadamente sobre o terreo as actuacións en zona portuaria. Neste acto concretarase sobre o terreo o trazado preciso dos



colectores e pozos de rexistro, que poderá ser reaxustado co fin de facelo compatible coa normal explotación portuaria.

O Concello de Bueu expedirá, así mesmo, todos os permisos e autorizacións que fosen necesarios para a execución das obras.

Unha vez rematadas as obras e antes da súa recepción polo Concello de Bueu, este comunicará a Portos de Galicia a finalización, requiríndolle para que as examine e preste a súa conformidade ou desconformidade con elas.

En caso de desconformidade de Portos de Galicia coa execución das obras, o Concello de Bueu deberá proceder á súa costa ás correccións que lle indique Portos de Galicia.

3. A assumir o custo da conservación, mantemento, limpeza e, no seu caso, mellora das obras referidas e a licitación, contratación e execución das obras necesarias para tal efecto.

Ademais de manter en adecuadas condicións de limpeza e hixiene (incluíndo a reposición dos elementos engadidos, danados, extraviados ou roubados), as obras realizadas, o Concello deberá assumir as seguintes tarefas:


- O mantemento da rede de saneamento en todos os elementos executados (colectores, pozos de rexistro e firmes e pavimentos).

Calquera obra de reparación, conservación e mellora que o Concello de Bueu pretenda levar a cabo na obra, esixirá a conformidade previa do ente público Portos de Galicia.

A intervención do Concello de Bueu nos terreos de dominio público portuario obxecto do presente documento non implica a perda das facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia nin supón un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens obxecto do convenio.



A SECRETARIA



4. Á entrega libre de cargas e gravames das obras de referencia executadas en dominio público portuario, quedando estas incorporadas ao mesmo formando parte da zona de servizo do porto de Bueu adscrita para a súa xestión a Portos de Galicia

### TERCEIRA. COMPROMISOS DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

O ente público Portos de Galicia asume as seguintes obrigas:

1. Autorizará a execución das obras obxecto deste convenio, podendo supervisar en calquera momento a súa execución, e de detectar desviacións ou deficiencias nas obras, requirirá ao Concello para que as corrixa.

2. Autorizaralle ao Concello para a intervención nos terreos que ocupan as obras para que faga fronte ao cumprimento das obrigas derivadas deste convenio.

### CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Dentro do prazo de quince días, a contar dende a data de asinamento deste convenio, crearase unha Comisión Mixta de seguimento e control da execución do convenio, que resolverá as controversias que puideran xurdir.

A comisión de seguimento estará integrada por unha Presidencia, que recaerá no presidente de Portos de Galicia ou persoa na que delegue, e por catro vocais, dous nomeados polo Concello de Bueu e outros dous polo ente público Portos de Galicia.

A este respecto, o nomeamento de Portos de Galicia para o seguimento da execución das obras pactadas neste convenio recae nas seguintes persoas:

- O xefe da Área de Infraestruturas
- O xefe da Zona Sur de Portos de Galicia.





Para facer constar que a presente  
fotocopia é fiel e exacta reproducción do  
orixinal que se me exhibe.

Bueu, ..... 15. ENE. 2016

A SECRETARÍA

Para o seguimento do cumprimento das obrigas de conservación, mantenimento e demais obrigas sucesivas á execución das obras, os membros integrantes da comisión por Portos de Galicia son os seguintes:

- O xefe da Zona Sur de Portos de Galicia
- O celador gardapeiraos do porto de Bueu.

## QUINTA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes facultará á outra para interromper este.

No caso de extinción anticipada do convenio, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ao que segue:

Remataranse as obras orzamentadas e xa iniciadas que aínda estean sen rematar. Así mesmo executaranse as obras aínda non iniciadas pero xa orzamentadas.

De calquera xeito, e de ser o caso, o Concello de Bueu, antes da firma da acta de extinción por calquera causa, repoñerá o dominio público portuario nas condicións en que lle foi entregado, en canto ao seu estado, uso e protección.

No caso de que as obras non poidan iniciarse, deban suspenderse ou desistir de todo ou parte das mesmas, por causa imputable ao Concello, este aboará as indemnizacións que correspondan.

O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións liticiosas que puideran suscitarse á súa consecuencia.

## SEXTA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura, estendendo a súa vixencia por tempo indefinido, sen prexuízo de que Portos de Galicia poida desistir e abocar para si as instalacións en





Para facer constar que a presente  
fotocopia é fiel e exacta reproducción do  
orixinal que se me exhibe.  
Bueu, ..... 15 ENE 2016.  
A SECRETARIA

calquera momento, outorgando un prazo mínimo de trinta e seis meses para a liquidación e efectividade da mesma. Así mesmo, o Concello de Bueu poderá desistir cun aviso previo mínimo de trinta e seis meses de antelación.

Para cumprimentar o presente convenio en todas as súas partes subscríbese por triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

O PRESIDENTE DO ENTE PUBLICO  
PORTOS DE GALICIA

José Manuel Álvarez-Campana Gallo

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE BUEU

Félix Juncal Novas